



**XUNTA DE GALICIA**

**PRESIDENCIA**

Secretaría Xeral de Comunicación

**(Saúda do presidente da Xunta para o Concurso da Camelia organizado polo CEIP Campolongo)**

Entre as moitas riquezas importadas do lonxano Oriente, chegou a Galicia, hai máis dun século, unha das flores máis fermosas do planeta. Nos xardíns do país, e de maneira sobresaínte nos das Rías Baixas, a camelia é obxecto de mimo polos floricultores e de admiración polos que a contemplan. Como presidente da Xunta, non podo máis ca congratularme da consolidación de iniciativas que, como o Concurso da Camelia organizado polo C.E.I.P. Campolongo de Pontevedra, veñen render homenaxe, un ano máis a unha parcela da nosa cultura.

Porque cando festexamos a camelia, estamos tamén seguindo os pasos de homes e mulleres de letras como Emilia Pardo Bazán, Wenceslao Fernández Flórez, Álvaro Cunqueiro e mesmo Federico García Lorca, atoparon inspiración nesta planta de inmenso valor ornamental.

De xeito persoal, como pontevedrés quero expresar a miña felicitación máis cordial aos promotores desta actividade, que terá como marco ademais un lugar, Campolongo, do que gardo un recordo especial.

Se é certo que a camelia forma parte das nosas paisaxes, non o é menos que as súas cifras de produción –case medio millón de unidades ao ano- a converten nun elemento de relevancia para a nosa economía agraria.

Pero a celebración do Concurso da Camelia no eido dun centro de ensino ten outra dimensión importante que non debe pasar desapercibida. Cando unha comunidade educativa como esta trascende os límites do estritamente académico e interacciona coa sociedade na que se inserta e proxecta nela os seus logros, está a demostrar sen dúbida un alto grao de comprensión do seu cometido.

Por ese motivo, así como por contribuír dun xeito tan positivo á posta en valor dun elemento prezado do patrimonio común dos galegos, quero reiterar a miña felicitación ao CEIP Campolongo pola organización, por quinto ano consecutivo, do Concurso-Exposición da Camelia, e facela extensiva a todos aqueles que contribúen ao seu enaltecemento.

**Emilio Pérez Touriño**  
**Presidente da Xunta de Galicia**